

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezasete de outubro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 6 de outubro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### 2.- LICENZAS DE OBRAS

- Gandeiría Casa Lameiro S.C.

#### ANTECEDENTES

1. Don Luís Mario Quintá García, na representación que acredita da sociedade GANDEIRÍA CASA LAMEIRO S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az, solicita con data 22 de xuño de 2022 (RE-E núm. 305) licenza municipal para INSTALACIÓN DE

- EXPLOTACIÓN AVÍCOLA, con emprazamento no lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az.
2. A citada sociedade foi constituída en documento privado subscrito en data 22 de febreiro de 2006 e está integrada na actualidade por Dona Ana María García Bardelás (DNI núm. [REDACTED]), Don Luís Mario Quintá García (DNI núm. [REDACTED]) e Don David Quintá García (DNI núm. [REDACTED]). Dito documento foi elevado a público por escritura autorizada, en data 16 de xullo de 2007, pola notaria de Lalín Dona María Teresa Sancho Sánchez (protocolo núm. [REDACTED]).
  3. Achégase proxecto técnico básico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 08/06/22 e anexos de datas 29/08/22 e 11/10/22), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral.
  4. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, de conformidade co indicado no proxecto, fíxase en tres (3) anos.
  5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “solo rústico de protección forestal” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a instalación dunha explotación avícola para unha capacidade de 37.128 polos.
5. As instalacións proxectadas consisten na construción dunha nave para albergar polos con dous anexos na súa fachada principal destinados a oficina-aseo e sala de máquinas cunha

- entrada cuberta entre ambos. As instalacións complementáanse coa construción dunha esterqueira e dúas plataformas para os silos e o depósito de auga da explotación constituídas por dúas soleiras de formigón construídas ao mesmo nivel que o terreo.
6. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de CATROCENTOS TRECE MIL CATROCENTOS DOCE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (413.412,53 €).
  7. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
  8. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
  9. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titulares do predio	[REDACTED]
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Non consta no expediente
Rfª catastral das parcelas	36047A001000280000PY 36047A001000270000PB (agrupadas ante notario)
Superficie da parcela	14.616 m <sup>2</sup>
Uso autorizado	Explotación avícola
Superficie ocupada en planta	Explotación avícola (nave, oficina-sala de máquinas-zona cuberta, esterqueira): 2.729,48 m <sup>2</sup>

10. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).

11. Por Resolución de data 16 de agosto de 2022 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. ██████████).
12. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
13. Figura no expediente o preceptivo informe favorable emitido, con data 10 de outubro de 2022, polo Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra (expediente núm. ██████████).
14. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
15. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
16. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
17. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.- CONCEDER a GANDEIRÍA CASA LAMEIRO S.C. licenza municipal para INSTALACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA, con emprazamento no lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. ██████████, do 08/06/22 e anexos de datas 29/08/22 e 11/10/22), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral, coas condicións especiais seguintes:**

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).
- d) Previamente ao inicio das obras deberá achegarse proxecto de execución, redactado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de OITO MIL DOUSCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (8.268,25 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de DOUS MIL SESENTA E SETE EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (2.067,06 €).

- Susana López Guerra.

### ANTECEDENTES

1. Dona SUSANA LÓPEZ GUERRA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Mesón de Augalevada, parroquia de Carboentes, solicita con data 16 de xullo de 2022 (RE-E núm. 341) licenza municipal para AMPLIACIÓN DE CEBADEIRO DE PORCINO E FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar de Mesón de Augalevada, parroquia de Carboentes.
2. Achégase proxecto técnico básico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 16/06/22 e anexos de datas 10/10/22 e 13/10/22), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, de conformidade co indicado no proxecto, fíxase en tres (3) anos.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A ampliación de explotación de porcino proxectada sitúase en terreos clasificados como “solo rústico de protección agropecuaria” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a ampliación dunha explotación existente cunha capacidade actual de 495 porcos. A ampliación proxectada terá unha capacidade de 498 porcos, polo que a

- capacidade total da explotación logo da ampliación será de 993 porcos (119,16 UGM).
5. As instalacións proxectadas consisten na construción dunha nave para aloxamento de porcos, un peirao de carga, un anexo destinado a sala de máquinas e unha fosa de xurro.
  6. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de CENTO SETENTA MIL CENTO OITO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (170.108,30 €).
  7. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
  8. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
  9. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	████████████████████
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Non consta no expediente
Rfª catastral das parcelas	36047A123000880000LE 36047A123003040000LR (licenza de reorganización outorgada pola XGL en data 20/04/22)
Superficie da parcela	9.124 m <sup>2</sup>
Uso autorizado	Ampliación de explotación de porcino
Superficie ocupada en planta	Explotación existente: 589,00 m <sup>2</sup> Ampliación: 688,70 m <sup>2</sup>

10. O artigo 39 g) da LSG establece que as novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima. Porén, a Instrución 1/2016, do 29 de abril, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación

do Territorio, que establece o réxime aplicable ás explotacións existentes no momento de entrada en vigor da Lei 9/2002 (DOG núm. 87, do 09/05/16), indica no seu apartado terceiro que ás explotacións agrogandeiras existentes no 1 de xaneiro de 2003 que se proxecte ampliar en máis do 50 % do volume orixinario nesa data non lle será de aplicación o réxime de distancias a núcleos e vivendas establecidas no artigo 39 g) da LSG.

11. A explotación de porcino obxecto de ampliación existía con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, o que se acredita pola resolución da Alcaldía de data 28/06/05, de recoñecemento de explotación agrícola ou gandeira, polo que resulta de aplicación a Instrución sinalada no anterior apartado.
12. A certificación que obra no expediente acredita o cumprimento das distancias esixidas polo Real Decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas, dado que os asentamentos de poboación existentes a unha distancia inferior aos 1.000 metros da instalación proxectada (lugares de Mariñaos, Alén, Baroncelle, Agrosagro e Mesón de Augalevada, pertencentes todos á parroquia de Carboentes) non teñen a consideración de casco urbano, de conformidade co disposto na Disposición adicional cuarta da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (DOG núm. 28, do 09/02/17).
13. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
14. Por Resolución de data 5 de outubro de 2022 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. ██████████).
15. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
16. Figura no expediente o preceptivo informe favorable emitido, con data 6 de xullo de 2022, polo Servizo de Explotacións Agrarias

da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra.

17. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
18. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
19. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
20. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dona SUSANA LÓPEZ GUERRA licenza municipal para AMPLIACIÓN DE CEBADEIRO DE PORCINO E FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar de Mesón de Augalevada, parroquia de Carboentes, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. ██████████, do 16/06/22 e anexos de datas 10/10/22 e 13/10/22), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo

interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.

- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).
- d) Previamente ao inicio das obras deberá achegarse proxecto de execución, redactado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de TRES MIL CATROCENTOS DOUS EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (3.402,16 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de OITOCENTOS CINCUENTA CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (850,54 €).

### 3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Sofía Jorge Otero

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 18 de agosto de 2022 (RE-E núm. 404), coas seguintes características:

#### DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	SOFÍA JORGE OTERO
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO

REPRESENTANTE	MARÍA ELENA SOMOZA CALVIÑO
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONSERVACIÓN DE CERRAMENTOS DE FACHADAS EN VIVENDA UNIFAMILIAR E PECHE DE PARCELA
LUGAR	A GAIOLA
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANIZABLE DELIMITADO RESIDENCIAL – S.UR.D.R-2
REFª CATASTRAL DO INMOBLE	36047A082060320001AR
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Memoria técnica valorada redactada polo arquitecto técnico Don Henrique Mella Otero, con data 17/08/22)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	3.361,35 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) MES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 11/10/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SESENTA E SETE EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (67,22 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de

audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

#### ***4.- CONCESIÓN DE SEGUNDA PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2021***

##### **ANTECEDENTES**

1º.- Con data 10 de maio de 2022 a Xunta de Goberno Local adxudicou á sociedade CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L. o contrato de obras para a execución do investimento denominado “*MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ASPERELO, CAMBA, CARBOENTES, GUILLAR, PEDROSO E A PORTELA*”, incluído no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.

2º.- A preceptiva acta de comprobación do reformulo asinouse o día 29 de xuño de 2022, fixándose o prazo de execución da obra adxudicada en dez (10) semanas, contadas a partires do día seguinte da sinatura de dito documento.

3º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 5 de setembro do corrente, concedeuse unha primeira prórroga no prazo de execución da obra, que rematou o pasado día 12 de outubro de 2022.

4º.- En data 11 de outubro do corrente (RE-E núm. 499), Don José Antonio Miguélez Díaz, na representación da sociedade adxudicataria, solicita unha nova ampliación do prazo de execución da obra polos motivos que especifican no escrito de solicitude.

5º.- A dirección facultativa das obras emite, con data 11/10/22, informe favorable á prórroga solicitada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), dispón literalmente: *“O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva”*.

Segundo.- O artigo 195.2 do citado texto legal establece que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos ampliando o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte:

### ACORDO

Conceder ao adxudicatario CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L. unha segunda prórroga, ata o día 16 de novembro de 2022, no prazo de execución da obra denominada *“MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ASPERELO, CAMBA, CARBOENTES, GUILLAR, PEDROSO E A PORTELA”*, incluída no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.

### ***5.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN E REFORZO DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIA DE CAMBA”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2022 (EXPEDIENTE PAS-O 4/2022)***

De conformidade co establecido na cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado “Pavimentación e reforzo de firmes en camiños e aldeas das parroquias de Guillar, Riobó, Camba, Negrelos e Santa Baia de Camba”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno

Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “Pavimentación e reforzo de firmes en camiños e aldeas das parroquias de Guillar, Riobó, Camba, Negrelos e Santa Baia de Camba” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Rubén P. Quintá Quintá, alcalde do Concello.

VOGAIS: José M<sup>a</sup> Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)